

PAU 2025
CONVOCATORIA ORDINARIA
CRITERIOS DE AVALIACIÓN
GREGO II (cód. 32)

O exame consta de **catro preguntas obrigatorias**, as dúas primeiras con resposta única e as dúas restantes con posibilidade de elección.

PREGUNTA 1. COMPRENSIÓN E INTERPRETACIÓN DE TEXTOS. (5 puntos)

Nesta proba poderase utilizar un dicionario de grego, incluíndo o apéndice gramatical que poida levar anexo ese dicionario como parte orixinal e inseparable do conxunto; non estará, pois, permitido ningún caderno solto nin ningún engadido ao dicionario que non sexa orixinal.

O texto está extraído da selección publicada na web da CIUG, que contén textos de Apolodoro e de Xenofonte.

O alumno ten que demostrar que comprende o texto e pode facelo de dúas maneiras:

a) Traducir o texto

Hai que traducir ao galego ou ao castelán o fragmento proposto, demostrando que se comprende correctamente o texto orixinal, que se recoñecen con exactitude o seu léxico e as súas estruturas gramaticais e que se é capaz de trasladar todo o seu contido de forma precisa e equivalente na lingua de destino. Só se pide a tradución correspondente.

b) Responder en grego cinco cuestións derivadas do mesmo.

- As preguntas deben ser respondidas con frases completas. De non ser así, aínda que as respostas sexan correctas, serán penalizadas.
- A orde de palabras e de sintagmas na resposta será a que o alumnado considere máis conveniente.
- A forma da resposta debe corresponder coa da pregunta e non coa do texto. Por exemplo, se no texto o verbo está en imperfecto, pero na pregunta está en presente, hai que responder en presente.
- O alumnado pode utilizar tamén sinónimos ou construcións que non estean no texto sempre que sexan congruentes e demostren a comprensión.
- A resposta debe utilizar unicamente información do texto.
- Non se penalizarán erros de acentuación no grego.
- Os erros gramaticais serán penalizados só se dificultan a comprensión ou faltan gravemente á concordancia.

- As preguntas teñen distintos niveis de dificultade. Cada unha valorarase con **1 punto**.

PREGUNTA 2. COMPRENSIÓN E INTERPRETACIÓN DE TEXTOS. (1 punto)

Pídese a análise morfolóxica e sintáctica dunha parte do texto.

Análise morfolóxica. Debe ser completa. Nun sustantivo deberá indicarse número e caso; nun adxectivo xénero, número e caso, nun verbo, persoa, número, tempo, modo e voz.

Análise sintáctica. Hai que identificar tipo de oración: principal ou subordinada e tipo de subordinada, se é o caso. Elementos integrantes da oración (suxeito, predicado, complemento directo, indirecto, circunstancial, predicativo...). Se algún destes elementos está constituído por máis dunha palabra, deberán ser analizados os seus elementos constitutivos.

PREGUNTA 3. GREGO E PLURILINGÜISMO. (2 puntos)

Propóñense seis palabras gregas coa súa tradución, extraídas da escolma publicada na web da CIUG. O alumnado terá que **elexir catro e citar e explicar dous exemplos de vocabulario actual relacionados con cada unha delas**. Por tanto, para acadar a máxima puntuación non abonda só con citar. Cada palabra pode ter unha puntuación máxima de 0,5 puntos. Se algún alumno responde máis palabras das requeridas, serán corrixidas as catro primeiras.

PREGUNTA 4. A LITERATURA GREGA NOS SEUS TEXTOS. LECTURAS. (2 puntos)

Propóñense dúas preguntas das que o alumno deberá elexir unha. As preguntas están relacionadas co contido das lecturas obrigatorias.